



MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO

Acta da Sesión ordinaria do Pleno do 29 de setembro de 2022

Ás 17:15 horas do día 29 de setembro de 2022, en reunión virtual a través de videoconferencia, iníciase a sesión extraordinaria do Pleno da Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo, coa asistencia dos seguintes membros:

ASISTENTES

Presidente: D. Abel R. Caballero Álvarez.

Representantes concelleiros/as:

FORNELOS DE MONTES:

Non asiste ningún representante

GONDOMAR

D^a. Nuria Lameiro Valverde

D^a. Rocío Goberna Sousa

MOS

D. Alejandro Figueroa Expósito

PAZOS DE BORBEN

Non asiste ningún representante

REDONDELA:

D^a. María Castro Abad

D. Daniel Boullosa Martínez

D. Xoan Carlos González Campo

SALCEDA DE CASELAS

D^a. María Dolores Castiñeira Alén

D^a. Verónica Tourón Domínguez

SOUTOMAIOR:

Non asiste ningún representante



MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO

VIGO:

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a. Yolanda Aguiar Castro
D^a. Elena Espinosa Mangana
D. Abel Fermín Losada Álvarez
D. Carlos López Font
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D^a. Patricia Rodríguez Calviño
D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez
D^a. Maria José Caride Estévez
D. Rubén Pérez Correa

Asisten así mesmo, en representación da MAIV, o interventor D. Alberto Escariz Couso. Da fe do acto o secretario D. José Riesgo Boluda.

Abre a sesión o Presidente, unha vez constatado polo Secretario que existe o quorum suficiente para a súa realización e pásanse a tratar os puntos incluídos na orde do día:

PUNTO 1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR (SESIÓN DO 27 DE SETEMBRO DE 2021)

Como todas as persoas asistentes teñen á súa disposición unha copia da acta, o Presidente pregunta se hai algunha observación sobre ela. No hai observacións e apróbase por unanimidade a acta do Pleno da Mancomunidade correspondente á sesión extraordinaria do 27 de setembro de 2021.

PUNTO 2. APROBACIÓN DA CONTA XERAL 2021

Antecedentes:

A Presidencia da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, por Decreto da Presidencia do 3 de maio de 2022 resolveu render a Conta Xeral dos Orzamentos correspondentes ao exercicio de 2021 formada pola Intervención Xeral xunto cos libros e toda a documentación anexa á mesma.

A Comisión Especial de Contas da Mancomunidade, na súa sesión do 15 de xuño de 2022, ditaminou favorablemente a conta xeral do ano 2021 desta Mancomunidade dando cumprimento ao disposto no art. 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.



Mediante edicto da Concelleira Delegada da Mancomunidade de Vigo publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 132 do 12 de xullo de 2022 informouse da exposición ó público na sede da Mancomunidade de Vigo, sita na rúa Hispanidade nº 17 de Vigo, do expediente de aprobación da Conta Xeral por espazo de 15 días hábiles, tal como establece o artigo 212.3 do RDL 2/2004 (modificado pola Lei 11/2020 de PGE para 2021) ao obxecto de que os interesados/as lexítimos puidesen examinala e formular por escrito reparos ou observacións.

Con data 23 de setembro de 2022, a Secretaria Xeral da Mancomunidade emitiu certificado facendo constar que unha vez rematado o prazo preceptivo establecido no Real Decreto legislativo 2/2004 para a información pública, non consta que se formularsen reclamacións, reparos ou observacións á devandita Conta Xeral.

Votación:

Sométese ao Pleno da Mancomunidade a proposta de aprobación da Conta Xeral correspondente ao exercicio 2021. Apróbase con 18 votos a favor e 2 abstencións.

PUNTO 3. DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2021.

A información e os documentos relativos a liquidación do orzamento do exercicio 2021 está a disposición de todos os membros do Pleno, aos que se lles enviou tamén o seguinte informe resumido sobre a situación do mesmo:

Información da liquidación do orzamento do exercicio 2021

Por Decreto da Presidencia de 03 de febreiro de 2022, e de conformidade co establecido no artigo 191.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais e 90.1 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril foi aprobada a liquidación do exercicio de 2019 da Mancomunidade. A citada liquidación foi remitida ao Servizo de Coordinación coas Facendas Territoriais e a Xefatura Territorial da consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza no prazo correspondente, tal e como establece o artigo 193.5 do TRLRL.

A continuación, detállase a información mais significativa, a modo de resumo:

- Cúmrese coa regra de gasto e o principio de estabilidade orzamentaria.
- Existiu un superávit de 63.359,77 euros.
- Non hai débeda viva.
- O saldo de tesourería a 31/12/2021 é de 1.451.090,48 euros.



- O remanente de tesourería para gastos xerais é de 1.841.046,79 euros, tal como se reflicte no cadro seguinte.

A) Fondos líquidos na Tesourería ó remate do exercicio:		1.451.090,48
B) Debedores pendentes de ingreso ao peche do exercicio:		416.480,19
De orzamento corrente:	200.826,84	
De orzamento pechado:	213.392,51	
Doutras operacións non orzamentarias:	2.258,84	
TOTAL A+B	1.867.570,67
C) Acredores pendentes de pagamento, ao peche do exercicio:		14.746,56
De orzamento corrente:	5.798,10	
De orzamento pechado:	0,00	
Doutras operacións non orzamentarias:	8.948,46	
REMANENTE DE TESOURERÍA (A+B-C)	1.852.824,11
Saldo de dubidoso cobro		0,00
Exceso de financiamento afectado		11.777,32
REMANENTES DE TESOURERIA DISPOÑIBLE PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS XERAIS		1.841.046,79

O Presidente pregunta se hai algunha observación ao respecto. Non hai. Queda dada conta ao Pleno.

PUNTO 4. DAR CONTA DO INFORMES DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA PARA O EXERCICIO 2022

Dáse conta ao Pleno do Informe emitido pola Intervención sobre o cumprimento da estabilidade e a regra de gasto para o orzamento do ano 2022 (orzamento prorrogado).

O interventor explica que se cumpre o principio de estabilidade orzamentaria, ao verificarse o equilibrio entre os ingresos e os gastos da entidade e o Pleno da Mancomunidade queda enterado do contido do devandito informe.

PUNTO 5. DAR CONTA DO DECRETO DE PRESIDENCIA DE APROBACIÓN DAS LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO 2022.



Dáse conta ao Pleno do Decreto da Presidencia de data 27 de agosto de 2021 de aprobación das liñas fundamentais do orzamento da Mancomunidad da Area Intermunicipal de Vigo para o exercicio 2022, nos seguintes termos:

A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira reforza a planificación orzamentaria a través da definición dun marco Orzamentario, actualmente denominados Plans Orzamentarios a medio prazo das Entidades Locais.

Así pois, o artigo 27.2 da Lei Orgánica 2/2012 (LOEOfSF), establece que antes do 1 de outubro de cada ano, as Comunidades Autónomas e Corporacións Locais remitirán ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas información sobre as liñas fundamentais que conterán os seus Orzamentos, a efectos de dar cumprimento aos requirimentos da normativa europea.

De conformidade co previsto no art. 168.1 do TRLRFL, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e art. 18.1 do R.P., aprobado polo Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, a formación do proxecto dos orzamentos corresponde ao Presidente da Entidade Local. En consecuencia, tamén é competencia do Presidente da Mancomunidad a aprobación das liñas fundamentais do orzamento, en tanto que se trata dun documento marco, sobre o que se aprobará, se é o caso, o orzamento do futuro exercicio.

Tento en conta todo o anterior, dáse conta nesta sesión ao Pleno da Mancomunidad do Decreto da Presidencia de data 31/08/2022 de aprobación das liñas fundamentais do orzamento da Mancomunidad da Area Intermunicipal de Vigo para o exercicio 2023, no que se resolve:

“PRIMEIRO, Aprobar o perímetro de consolidación nos termos do SEC 2010 establecido para a Mancomunidad do Área Intermunicipal de Vigo (MAIV), quedando limitado á propia Entidade Local.

SEGUNDO, Aprobar as liñas fundamentais do orzamento da MAIV para o exercicio 2023 de acordo as seguintes táboas, que servirán de base para a elaboración do Orzamento do citado exercicio:

Estado de gastos (gasto computable):

Capítulos	2022	%Variación	2023
I	72.360,25	3,00%	74.531,06
II	91.304,34	6,00%	96.782,60
III	0,00		0,00
IV	15.025,00	0,00%	15.025,00
V	0,00		0,00
Gasto corrente N.Financeiro	178.689,58	4,28%	186.338,65
VI	0,00	0,00%	0,00
VII	0,00		0,00
Gasto capital N.F.	0,00	0,00%	0,00
Total Gasto N.Financeiro	178.689,58	4,28%	186.338,65
VIII	0,00		0,00
IX	0,00		0,00
Total Gasto Financeiro	0,00		0,00
Total Orzamento de gastos	178.689,58	4,28%	186.338,65



Estado de ingresos (recursos ordinarios):

Capítulos	2022	%Variación	2023
I e II	0,00		0,00
III	0,00		0,00
IV	231.464,25		231.464,25
V	0,00		0,00
Ingresos corrente N.Financeiro	231.464,25	0,00%	231.464,25
VI	0,00		0,00
VII	0,00		0,00
Ingresos capital N.F.	0,00		0,00
Total Ingreso N.Financeiro	231.464,25	0,00%	231.464,25
VIII	0,00		0,00
IX	0,00		0,00
Total Ingreso Financeiro	0,00		0,00
Total Orzamento de Ingresos	231.464,25	0,00%	231.464,25

TERCEIRO, Remitir as Liñas Fundamentais do Orzamento da MAIV para o exercicio 2023 ao Ministerio de Facenda polos medios telemáticos habilitados ao efecto.

CUARTO, Dar conta da presente Resolución ao Pleno da MAIV aos efectos do previsto no artigo 22.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local.”

Unha vez feita unha breve explicación deste punto por parte do Interventor, o Presidente pregunta se hai algunha observación. Non intervén ningún/ha asistente e queda dada conta do Decreto de Presidencia de aprobación das liñas fundamentais do orzamento para o exercicio 2023.

PUNTO 6. DAR CONTA DO DECRETO DE PRESIDENCIA DE APROBACIÓN DO PLAN ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO DA MAIV PARA O PERÍODO 2023-2025

Dáse conta nesta sesión ao Pleno da Mancomunidade do Decreto da Presidencia de data 23/03/2022 de aprobación do plan orzamentario previsto para o período 2023-2025, baseado nas tendencias contidas no Informe elaborado pola Intervención da MAIV e que se puxo a disposición de todos os membros do Pleno.

Interventor: En cumprimento da orde do Ministerio de Facenda HAP/2105/2012 estamos obrigados tamén a aprobar un plan orzamentario para o período 2023-2025 e faise unha previsión a partir dos datos da última liquidación do ano 2021 máis a liquidación estimada do 2022 e calcúlanse os que van ser os gastos e os ingresos para o período 2023-2025 amosando que todos eles, en principio, van ter unha estabilidade no orzamento.

Non hai observacións por parte dos asistentes e queda dada conta.



PUNTO 7. DAR CONTA DOS DATOS TRIMESTRAIS DE MOROSIDADE E PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES (ANO 2021 E 1º E 2º TRIMESTRES 2022)

Dáse conta ao Pleno dos datos trimestrais de morosidade e período medio de pago a provedores no exercicio anterior (2021) e no que levamos de exercicio 2022, datos que xa foron enviados aos integrantes do Pleno.

Interventor: Dáse conta do período medio de pago e dos datos trimestrais destes dous períodos e todos eles cumpren os períodos de pago previstos na normativa de morosidade, pero, como singularidade, no último trimestre, que foi o segundo trimestre do 2022, o período medio de pago global da Mancomunidad foi de 7 días.

Presidente: Magnífico. Algunha observación?

Non hai ningunha intervención. Queda dada conta ao Pleno.

PUNTO 8. DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 1/2022, 2/2022, 3/2022, 4/2022, 5/2022 E 6/2022.

Dáse conta ao Pleno dos seguintes expedientes de modificación de créditos:

Expediente nº 1/2022, modificación de crédito por xeración pola axuda concedida pola Xunta de Galicia para a posta en marcha dun Obradoiro de Emprego dirixido a persoas mozas incluídas no sistema nacional de Garantía Xuvenil (**PROGRAMA DE EMPREGO MAIV GARANTÍA XUVENIL 2020**) para os gastos do persoal contratado e do funcionamento do proxecto durante a anualidade do 2022. O importe é de **234.338,55 euros**, coa característica de gasto con financiamento afectado.

Expediente nº 2/2022, modificación de crédito por xeración pola axuda concedida pola Xunta de Galicia para os gastos salariais derivados da **contratación** durante parte do ano 2022 **de dúas persoas receptoras de RISGA para “Apoio ás labores administrativas da MAIV (RISGA 2021)”**. O importe é de **11.777,32 euros**, coa característica de gasto con financiamento afectado.

Expediente nº 3/2022, modificación de crédito por xeración pola axuda concedida pola Xunta de Galicia para financiar parte dos custos laborais do **Axente de Emprego e Desenvolvemento local** para a anualidade 2022. O importe é de **11.239,66 euros**, coa característica de gasto con financiamento afectado.

Expediente nº 4/2022, modificación de crédito por xeración pola axuda concedida pola Xunta de Galicia para os gastos salariais derivados da **contratación** durante parte do ano 2022 **dunha persoa receptora de RISGA para “Apoio ás labores administrativas da MAIV (RISGA 2022)”**. O importe é de **6.961,50 euros**, coa característica de gasto con financiamento afectado.



Expediente nº 5/2022 , modificación de crédito por xeración pola axuda concedida pola Xunta de Galicia para os gastos salariais derivados da **contratación** durante parte do ano 2022 **dunha persoa perceptora de RISGA para “Estudio e implantación de medidas de mellora medioambiental na MAIV (RISGA 2022)”**. O importe é de **8.103,36 euros**, coa característica de gasto con financiamento afectado.

Expediente nº 6/2022 ,modificación de crédito por xeración pola axuda concedida pola Xunta de Galicia para a posta en marcha dun Obradoiro de Emprego dual (**PROGRAMA DE EMPREGO MAIV DUAL 2022**) para os gastos do persoal contratado e do funcionamento do proxecto durante a anualidade do 2022. O importe é de **234.338,55 euros**, coa característica de gasto con financiamento afectado.

Explica o Interventor que todos eles son expedientes baixo a modalidade de xeración de crédito, como consecuencia da obtención de subvencións para a creación de emprego da Xunta de Galicia.

Non hai observacións ao respecto. Queda dada conta deste punto.

PUNTO 9. ROGOS E PREGUNTAS

O Presidente abre o turno de rogos e preguntas, invitando a que se hai algunha persoa que desexe intervir pida a palabra.

Pide a palabra Xoa Carlos González Campo, concelleiro do Concello de Redondela.

Xoa Carlos González Campo: Boa tarde, dende o Bloque Nacionalista Galego queremos plantexar un rogo. Ben, nos últimos meses, nos últimos anos, vése plantexada dende a Presidencia da Mancomunidade e a Alcaldía do Concello de Vigo a ampliación do encoro de Eiras e a captación do río Oitaven en Pontecaldelas. Dende o BNG e dende determinados sectores de carácter ecoloxista e sociais veñen rexeitando esta proposta de captacións polo seu negativo impacto medioambiental e pola súa incidencia nas aportacións de auga á enseada de San Simón. Polo tanto, o que rogamus dende o BNG é que o Presidente da Mancomunidade de Vigo e Alcalde do Concello de Vigo renuncien a estas pretensións das captacións do río Oitavén e a ampliación de Eiras e que desenvolvan un proxecto de control do gasto da auga no Concello de Vigo.

Presidente: Pois para a túa información, e xa che contesto logo, é inexacta, non estamos plantexando ningunha ampliación do encoro de Eiras e polo tanto, a partir de aí, xa cumpre non seguir falando da cuestión. Algún outro rogo ou pregunta?

Non hai máis rogos nin preguntas.



MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO

E non habendo máis cuestións, dáse por rematada a sesión ás 17.26 horas, do que eu como Secretario dou fe.

Lgs

Vigo, na data da sinatura electrónica
O SECRETARIO DA MAIV
José Riesgo Boluda

Vº e pr.
O PRESIDENTE
Abel Caballero Alvarez

